

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP. VIRXE DA PENA DE SELA
CURSO: 6º
MATERIA: Educación Plástica.
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Actividades de repaso, reforzo e recuperación.	
B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.	EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.
B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).
B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.	EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.
B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.	EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.
Nova Materia.	
B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.	EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación dos contidos traballados durante o terceiro trimestre realizarase a través das tarefas enviadas ao alumnado por distintos medios, prestando especial atención ao esforzo, á participación e á entrega dos traballos plantexados.</p>
	<p>Instrumentos: Análise e corrección das actividades enviadas a través de imaxes por distintos medios.</p>
Cualificación final	<p>Para a obtención da cualificación final da terceira avaliación teranse en conta as cualificacións acadadas na primeira e segunda avaliacións, tendo a posibilidade de mellorar esas cualificacións co traballo e esforzo realizado ao longo do trimestre.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades que se realizarán para este 3º trimestre estarán dedicadas ao repaso dos aspectos máis importantes dos anteriores trimestres. Tamén faremos actividades de ampliación sobre contidos relevantes non traballados.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o noso alumnado conta con conectividade a Internet, e será a nosa principal vía de comunicación. Ao comezo de cada día colgaremos na plataforma educativa as tarefas e as explicacións correspondentes e o alumnado deberá entregar no prazo indicado, normalmente co envío dunha fotografía do traballo realizado.
Materiais e recursos	Para o desenvolvemento deste trimestre utilizaremos a plataforma educativa EDMODO para achegar as tarefas ao alumnado e comunicarnos con el. Tamén utilizaremos sistemas de comunicación por mensaxes coma whatsapp, email... A maior parte das tarefas realizaranas en folios, e cos recursos dos que dispoñen nas súas casas, ou ferramentas dixitais para crear carteis.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase ás familias a través dos blogs do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.